

Estratexias útiles para detectar alteracións auditivas

Estas estratexias poden servirnos para detectar a existencia de dificultades de audición nos nenos/as.

1. Producir un ruído (por exemplo unha palmada) detrás do neno/a.
2. Identificar sons de animais gravados coa súa correspondente imaxe ou foto.
3. Tirar unha moeda ó seu lado.
4. Acercar un reloxo a cada oído: un de corda(tic-tac) e outro dixital e preguntarlle se os oiu ben.Cambiar os reloxo.
5. Sinalar unha fonte sonora cos ollos pechados.
6. Introducir un elemento sorpresa dentro dunha conversa, por exemplo se falamos de familia, preguntarlle por algo totalmente distinto.
7. Falar con voz susurrada.
8. Falar de espaldas ó neno/a.
9. Taparnos a boca cun papel e seguir falando.
10. Chamalo polo seu nome dende atrás.

